

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO DO
DÍA 5 DE AGOSTO DE 2015. NÚM. 9/2015.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).

D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).

D. NICOLÁS GONZALEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).

D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. (BNG).

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (P.P).

D^a MARIA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P).

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (P.P).

D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (P.P).

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P).

NON ASISTEN:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).

D^a. MARIA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P).

D^a. MARIA JOSÉ BATÁN MOURIÑO. (P.P).

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P).

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P).

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión.....páx.3

2.- Expediente de Modificación de Créditos. Suplemento de Crédito Nº 5-P/2015.....páx. 3

3.- Escritos de renuncia de catro concelleiros do grupo popular.
Dación de conta.....páx. 6

=====

Sendo as dez horas do **mércores, día 5 de agosto de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asisten *D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT)*, *D^a. MARIA PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P)*, *D^a. MARIA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P)*, *D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P)*, *D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P)* e *D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.-

O Sr. Secretario expuxo que a razón de celebrar esta sesión plenaria viña motivada porque veu concedida unha subvención da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de 120.000 €, con destino á rexeneración de pavimentos en viais e sinalización horizontal no Polígono Lalín 2000. Había que suplementar con crédito a correspondente partida orzamentaria, expoñer ao público o expediente e logo tramitar a contratación desta obra, finalmente había que acometela, e todo nuns prazos moi breves. Como había escaso tempo, esta opción era a única que podía conseguir materializar a dito investimento. Por iso se convocou a sesión.

Con esta explicación, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse ratificar a urxencia da convocatoria, aos efectos previstos no artigo 79 do ROF, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e art. 46.2 da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 5-P/2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de de 2015.

Na rolda de voceiros o representante do BNG ***D. Xosé Manuel López Fernández*** indicou que este cambio orzamentario era finalista. O seu grupo apoiaría para non perder a subvención. Non obstante pediu ao equipo de goberno prudencia, xa que el non tiña datos sobre os viais que

se ían arranxar, nin participou en ningunha clase de reunión, nin co grupo de goberno nin co empresariado, recomendando neste caso diálogo cos sectores afectados pola obra a realizar.

A representante da APAC, **D^a Lara Rodríguez Peña**, dixo non ter nada máis que dicir que o que figuraba na documentación.

En nome do grupo socialista, **D. Nicolás González Casares** explicou o contido da proposta. A obra a realizar solicitouse polo grupo de goberno anterior e veu concedida unha subvención de cento vinte mil euros. Para financiar a mesma o Concello tiña que aportar trinta mil euros, que xunto coa suma concedida daba un total de cento cincuenta mil euros. Esta suma, obteríase da partida prevista para a ampliación do Cemiterio municipal de A Romea. Prevíase que este ano non se podería acometer a expropiación nin a obra. Estaban en fase de negociación cos donos dos terreos. O tema era *farragoso*, como todos sabían, e levaría o seu tempo. Namentres, o Concello disporía destes cartos para arranxar os viais do Polígono Lalín 2000.

Polo grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, adiantou que apoiarán a proposta. Era unha subvención pedida polo seu grupo de goberno anterior. *“As cousas non viñan do azar, senón por solicitude e xestión do seu grupo”*, dixo. Había que destacar que esta subvención foi a máxima que concedeu a Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra. Lembrou as xestións feitas e unha xuntanza co Delegado da Xunta na dita provincia, *Sr. Cores Tourís*, na que coa solicitude se mandou o proxecto.

A subvención estaba pois pactada e pedida polo goberno anterior. Non daba para arranxar todos os viais do polígono.

Pedi que constase en acta o esforzo e a concesión que facía a Consellería de Economía e Industria por conceder a máxima subvención en Pontevedra a Lalín.

Sobre a orixe dos fondos, coidaba que a ampliación do actual cemiterio municipal era necesaria. De sempre houbo unha loita do Concello co propietario das fincas afectadas. Hai que expropiar, aínda que se tente por todos os medios negociar e adquirir amistosamente as mesmas. Lembrou que houbo varios conflitos xudiciais e sempre os responsables municipais saíron airosos, salvo nun caso, que foi o da mesa que houbo que levar á Carballeira do Rodo. Era importante chegar a acordos, tendo en conta que o anterior goberno municipal estivo dous anos tramitando o cambio urbanístico, mesmo parando por mor dos cambios normativos da Xunta de Galicia e tentando sacar adiante este tema.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** explicou que efectivamente había que tramitar este expediente e remitir a documentación de aceptación da subvención concedida. Amosou o seu respecto ao grupo do PP pola solicitude e a tramitación da mesma diante da Xunta, algo que era de agradecer. Tamén agradeceu o feito de asumir a celebración desta sesión extraordinaria do Concello Pleno, tendo en conta as circunstancias que se daban. Había escaso tempo para contratar para e facer a obra, ademais de tramitar este cambio orzamentario que estaba xa en marcha. *“Puxemos en marcha a maquinaria o antes posible”*, afirmou.

De novo **D. Nicolás González Casares** afirmou que era certo que se necesitaba ampliar o cemiterio, a necesidade estaba aí, e que o PP levou dous anos tramitando o cambio no PXOM para facelo realidade. Quería sinalar que o actual equipo de goberno non renunciaba a acometer esa obra de ningún xeito, porque era necesario ampliar o cemiterio e ter máis nichos. As persoas deste goberno con responsabilidades acababan de chegar e tiñan todo isto en conta. Esperaba

que o ano que ven si que se afronte esta obra, ou alomenos a expropiación.

Finalmente o debate rematou coa intervención de **D. Xosé Crespo Iglesias** do PP. Dixo que a dificultade estaba en falar co dono das fincas. Era obvio o problema, xa viña de antes. Era coñecida a dificultade para negociar con estas persoas. Houbo un retraso na tramitación do PXOM polos cambios normativos, nos que o Concello preferiu dar marcha atrás, e avanzar con seguridade antes que asumir un risco innecesario.

O enfrontamento non foi persoal coa dita persoa, senón do Concello. O problema era vello e viña de hai moito tempo. Agradeceu o recoñecemento do Sr. Alcalde por ter conseguido esta subvención, pero indicou que a botou de menos na rolda de prensa.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de quince (15) concelleiros sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, cinco (5) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 31 de xullo de 2015, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 5-P/2015, a financiar mediante baixa doutra partida, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen minguar dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de ampliar o crédito na aplicación orzamentaria destinada a rexeneración de pavimentos en vías e sinalización horizontal no Polígono Lalín 2000, xa que foi concedida unha subvención pola consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia por importe de 120.000,00 € para financiar o proxecto, e con esta modificación trátase de dotar a parte que lle corresponde aportar ao Concello, para poder executar esta obra tan fundamental para a economía lalinense, na medida en que se trata de arranxar as vías públicas do polígono actualmente moi deterioradas.

Á vista da documentación que consta no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 5-P/2015, consistente nun Suplemento de crédito financiado mediante baixa doutras partidas, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
153.2.619.26	Pavimentación de vías públicas Rexeneración da Pavimentación e Sinalización Horizontal Polígono Lalín 2000	30.000,00 €
	TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.000 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito da seguinte partida do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

Área de gasto 1		
Aplicación	Denominación	Importe €
164.60003	Cemiterio e servizos funerarios Exprop. Terreos Actuación Urbanísticas	30.000,00€
	TOTAL BAIXAS	30.000,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Aos efectos previstos e tendo en conta que o expediente non conta co ditame da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, segundo o disposto no artigo 126.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que di *“Nos supostos de urxencia, o Pleno ou a Comisión de Goberno poderá adoptar acordos sobre asuntos non ditaminados pola correspondente Comisión Informativa, pero, nestes casos, do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se celebre”*, darase conta á Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio na primeira sesión que celebre.

3.- ESCRITOS DE RENUNCIA DE CATRO CONCELLEIROS DO GRUPO POPULAR. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta pola Presidencia dos escritos de renuncia presentados por catro concelleiros do Partido Popular, en concreto:

- D. Camilo González Bodaño, DNI 35154374-R (nº rex. 4963 de 3 de agosto de 2015).
- D^a. M^a José Batán Mouriño, DNI 76812916-T (nº rex. 4965 de 3 de agosto de 2015).
- D. Manuel Gómez Estévez, DNI 12314290-K (nº rex. 4966 de 3 de agosto de 2015).

- D^a. Pilar López Carrón, DNI 14554149-W (nº rex. 4967 de 3 de agosto de 2015)

A continuación o Sr. Secretario deu lectura aos mesmos, no que comunicaban a renuncian á súa condición de concelleiros do Concello de Lalín (Pontevedra).

Por parte do grupo socialista, **D. Nicolás González Casares** pediu que constase o agradecemento ao ditos concelleiros do seu traballo a prol de Lalín, especialmente aos dous que levaban máis tempo; D. Camilo González Bodaño e D. Manuel Gómez Estévez.

Tamén desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou os motivos da renuncia e do feito de non estar presentes nesta sesión os ditos concelleiros renunciante. Debíase basicamente a que o seu equipo estaba preparado para exercer como goberno e non como oposición e tamén á decisión dos propios interesados e o traballo no seu grupo de goberno. Pediu que constase en acta o seu agradecemento aos ditos concelleiros, un a un, e especialmente aos dous que máis anos exerceron de edís deste Concello, D. Camilo González Bodaño e con D. Manuel Gómez Estévez.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** tamén agradeceu aos ditos concelleiros o seu traballo e esforzo con Lalín, lembrando os vínculos que tiña desde hai anos con D. Camilo González Bodaño e con D. Manuel Gómez Estévez.

O Pleno do Concello de Lalín quedou enterado de dita renuncia e **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia dos concelleiros do Partido Popular de D. aos seus cargos de concelleiros do Concello de Lalín (Pontevedra) polos motivos antes expostos.

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta Electoral de Zona que designe o antes posible aos novos concelleiros deste Concello de Lalín que corresponden por números de orde da candidatura do Partido Popular (BOP núm. 79 de 28 de abril de 2015).

E, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuiña Aparicio

César López Arribas